

PROBLEMÁTICA DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Os Departamentos de Orientación e os Equipos de Orientación Específicos convertéronse en poucos anos en algo útil e necesario nos centros educativos, aínda que o seu funcionamento é enormemente variado, dependendo de múltiples factores, tales como a formación, a experiencia e as habilidades dos mesmos orientadores que os compoñen para responder satisfactoriamente ás demandas que lles formulan, o apoio e o grao de implicación dos equipos directivos e do resto do profesorado dos centros, etc.

Despois de ter consultado a tódolos membros da asociación profesional de orientadores educativos de Galicia (APOEGAL) e un número significativo doutros orientadores-as da nosa comunidade, chegamos ás seguintes conclusións, agrupadas en bloques, relacionados ca Titoría, os Departamentos de Orientación, e os Equipos de Orientación Específicos.

A regulación normativa é incompleta, ambigua e moi ampla nos tres niveis mencionados. Hai un vacío legal en moitos aspectos relacionados ca organización e o funcionamento das titorías, a organización dos Departamentos de Orientación e os cauces de colaboración con institucións educativas e socias do entorno, as adscripcións dos centros sen Departamento de Orientación, as saídas ós centros adscritos, os cauces de conexión entre os tres niveis da orientación, etc...

1. Titoría:

A administración, a inspección educativa, os equipos directivos e o profesorado realizan unha escasa valoración da función de Orientación e Titoría. Como consecuencia de isto, partimos dunha situación deficitaria en canto á formación inicial e continua do que é a función titorial . Isto vese reflexado en factores como:

- Non ter unha hora de titoría explícita recollida nas etapas educativas de Infantil, Primaria, Bacharelato e Ciclos Formativos. ¿Acaso a orientación educativa é menos importante nesas etapas educativas?
- A lexislación non recolle unha hora, dentro dos horarios dos diferentes titores, para reunións entre sí, por niveis ou ciclos e destes co Departamento de Orientación.
- Elección e asignación arbitraria dos titores entre o profesorado do centro seguindo sobre todo criterios de comodidade e dispoñibilidade horaria e non de profesionalización e capacitación.
- Falta de compromiso persoal e dificultades para desenvolver o plan de acción titorial, tanto a través das diferentes áreas como no grupo clase.

2. Departamentos de orientación:

- As nosas funcións son moi diferentes ás que realizan os demais profesores do centro. Pénsase en nos coma os grandes salvadores e, a maior parte das veces, non comprenden cal é o noso papel no centro. Isto produce, en ocasións, sentimento de soedade. Todo isto por falta dunha formación inicial e continua por parte do profesorado de primaria e secundaria.
- A labor do orientador está continuamente cuestionada e ten que demostrar o dobre de eficacia e eficiencia que o resto dos profesionais que ha no centro, xa que asiduamente estamos en constantes retos e desafíos.
- Debería existir titorización dos orientadores noveis (primeiro ano de interino e durante a fase de prácticas), como acontece cos Psicólogos Internos Residentes (PIRES), Médicos Interinos Residentes (MIRES), debido a que ó comenzo non se coñece o funcionamento interno dos centros, a amplitude de funcións existentes e a falta de experiencia,...
- Existe un total abandono da Administración cara os Departamentos de Orientación en Educación Primaria, hai falta de presuposto específico e, básicamente dependen da bondade e a vontade do equipo directivo. Para dignificalo, habería que dotalos de recursos e recoñecer a titulación dos-as orientadores-as que están neles. Para iso é necesario realizar a catalogación axeitada do posto de traballo, así como recoñecerlles o complemento retributivo destinado ás xefaturas de departamento.
- Hai sobreesaturación de traballo nos Departamentos de Orientación dos macrocentros, donde só contan, xeralmente, cun especialista de Psicoloxía-Pedagogía, debido a que á hora de dotar ós Departamentos de Orientación de recursos personais e materiais non se ten en conta as diferencias e peculiaridades de cada centro e zona. Para subsanar este problema plantexamos a existencia de máis dun especialista en Psicoloxía-Pedagogía en Centros de Enseñanza Secundaria de máis de 500 alumnos-as e en Centros Públicos Integrados cando teñan máis de 300 alumnos-as.
- Danse considerables desaxustes na rede de centros adscritos a efectos de orientación. É necesario introducir novos criterios de racionalización na rede. Os criterios que se seguen non son en moitos casos os máis convenientes, observándose, na práctica, descompensacións importantes. Así hai centros cun número importante de alumnado e/ou problemáticas específicas con varios centros adscritos e outros centros cercanos a esa mesma zona educativa con menor número de alumnado e/ou problemática con poucos ou nengún centro adscrito. Unha das alternativas para mellorar a adscripción dos centros, a parte dunha mellor distribución, é crear a figura do orientador itinerante, que se responsabilice de varios centros incompletos dunha mesma zona educativa. Nestes momentos, non estamos conformes con que os CEIPs que teñen o primeiro ciclo da ESO, estean adscritos a un IES ou CPI, xa que un número importante destes alumnos-as son de secundaria e teñen dereito a unha orientación continuada, e non puntual e de asistencia.
- Non hai conciencia de Departamento de Orientación, nin entre os profesores do centro nin nos seus integrantes. Frecuentemente se pensa que este Departamento está formado polo orientador ou, como moito, tamén polos profesores de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, pero non polos titores, coordinadores de ciclo, profesor de F.O.L, etc. Isto vese apoiado pola lexislación

que non establece dunha forma clara, as funcións de cada un dos seus membros, nin libera dalgún período lectivo semanal a todos os integrantes do mesmo, para asistir ás reunións que se realizan e para desenvolver as funcións encomendadas, ó igual que acontece nos demais Departamentos.

- Sería conveniente nalgúns casos, cambiar a composición do Departamento de Orientación, según se regula no Decreto 120/1998, sobre todo nos centros pequenos e nos C.P.I., por unha estrutura máis operativa. Nestes, o Departamento de orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica están formados case polas mesmas persoas, dando esto lugar a dobles reunións difíciles de desenvolver dentro do horario escolar.
- O Departamento de Orientación está ausente nun número importante de Centros de Educación de Adultos, de Enseñanzas Específicas como de Educación Infantil e/ou Primaria.
- Os Departamentos de Orientación deberían contar cunha maior capacidade de modificación e influencia na dinámica xeral do centro. Os orientadores fundamentalmente asesoramos e colaboramos, dependemos da vontade do profesorado e dos titores para desenvolver os diferentes programas educativos e as actividades de acción tutorial.
- Ademáis tamén existe a necesidade de mellorar a coordinación interna e externa no centro, para iso é necesario un maior acercamento entre a Administración Autonómica, os Servicios de Inspección cos Departamentos de Orientación, ó igual que unha maior colaboración cos servicios sociais y sanitarios da zona. A nivel interno manter de maneira formal unha reunión semanal dentro do horario co equipo directivo e titores.

3. Equipos de Orientación Específicos:

- Nestes momentos non están completos todos eles e os que están tampouco é posible que poidan chegar a tódolos centros e responder a tódalas demandas, debido a que só se contempla un profesional por provincia. Sería interesante neste sentido considera-la existencia de máis dun equipo por provincia ou bien de dotar de máis profesionais ós equipos xa constituídos.
- Dentro do equipo hai un vacío para a atención dalgún tipo de necesidades educativas, que non se enmarcan en nenguna das especialidades presentes nos mesmos.

4. Outros aspectos:

- Consideramos a atención á diversidade, en xeral, como unha asignatura pendiente da educación, cuxa resolución definitiva parece non interesar a ninguén. Concretamente, a forma actual de organizar os apoios non funciona e dase unha falta de implicación e coordinación dos-as profesores-as de aula coos de Pedagogía Terapéutica. Os diferentes departamentos, sobre todo os referidos ás materias troncais, deberían contemplar algún período lectivo para desenvolver actividades de reforzo e apoio.
- Revisar e aclarar diferentes aspectos contidos na orden do 30 de setembro do 2004 referida á avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obligatoria como consecuencia do disposto no Real Decreto 1318/2004, do 28 de maio (por exemplo: non cobertura da educación de

adultos en determinadas zonas educativas rurais para el alumnado que abandona a ESO sen conseguir o título de graduado, criterios de promoción e titulación dos alumnos-as de PDC, ...).

- A Administración autonómica debía contemplar cursos máis prácticos, sen estar sempre ligados ós CEFOREs, como estadías ou intercambios con outros centros do territorio nacional.
- Sería importante establecer vías de actuación comúns entre os-as orientadores-as dunha mesma zona dentro do horario lectivo.
- Unha vez constituída APOEGAL, consideramos fundamental que a Administración teña en conta a mencionada asociación á hora de legislar sobre aspectos nos que se vexa implicado o colectivo de orientadores. Esta asociación esta en disposición de establecer cauces de colaboración ca Administración co fin de mellorar a calidade da ensinanza e a atención á diversidade.